

IES AFONSO X O SABIO

Un modelo de Convivencia

Durante os últimos cursos estiveronse poñendo en práctica diversas medidas no centro para conseguir mellorar unha convivencia, que se percibía pola comunidade educativa como un grave problema. Describimos as sete iniciativas máis salientables, todas elas de carácter voluntario e con diferente grao de consolidación, pero que como conxunto forman un entramado singular que logrou unha mellora sustancial da convivencia.

RELACIÓN DE PROFESORES PARTICIPANTES NO PROXECTO:

Castiñeira Blanco, Jesús M.

Mourelo Barreiro, Cristina.

Cuiñas García, Ana B.

Pena Iglesias, Alfredo.

Figuroa Paz, Adela C.

Ramos Rodríguez, Xosé.

Míguez Rodríguez, José M.

Santos Ledo, Manuel.

Molina Martínez-Risco, Laura.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

2.1- XUSTIFICACIÓN

O IES “Afonso X O Sabio” está situado no concello de Cambre (A Coruña), preto da desembocadura do río Mero e no final da ría de O Burgo. Trátase dun municipio extraradio, distante 11 kms da cidade de A Coruña, que dende mediados da década de 1980, rexistrou unha acelerada expansión urbana (no 2012 tiña 23.879 hbs). Para atender a esta rápida demanda entrou en funcionamento no 1999-2000 o devandito IES, que algún anos despois foi ampliado cun edificio anexo.

Actualmente o IES acolle a casi 730 alumnos/as, que cursan as ensinanzas de ESO e Bacharelato (modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, e de Humanidades e CCSS), así como un PCPI (de modalidade mixta), un Ciclo Medio de Xestión Administrativa e outro Ciclo Superior de Admnsitración e Finanzas. Imparten docencia no mesmo 70 docentes, e prestan servizo 10 de persoal non docente.

Nos casi 15 anos de existencia, a convivencia no IES ten pasado por moi difíciles momentos. Así, nos primeiros anos, xurdiron graves problemas de convivencia, caso da proliferación de conductas violentas (pelexas, insultos, acoso...), destrucción ou deterioro do mobiliario escolar, ou numerosos trastornos de aprendizaxe, incluso algún acadou certa notoriedade a través da prensa.

En calquer caso, tamén debemos ter en conta que o alumnado do IES refrexa, en gran parte, a problemática do entorno: falla de arraigo, familias desestructuradas, problemas de conciliación da vida laboral e familiar, falla de alternativas para a xuventude...

Un 20% do alumnado da ESO presenta necesidades educativas especiais ou dificultades específicas da aprendizaxe; que un pequeno grupo pode calificarse de “disruptivo”; e mesmo, que un 10% procede do estranxeiro, moitos de Hispanoamérica, se ben os procedentes doutros países (Norte de África ou Este de Europa) tamén están a medrar. O que se traduce pois, un alumnado numeroso e diverso, en intereses e capacidades.

A este contexto socioeconómico e educativo, é preciso engadir a propia ubicación do IES, ao final da Urbanización de A Barcala, un “barrio dormitorio” de recente creación da periferia de A Coruña, o cal, no momento da apertura do Centro, contaba con notables déficits de equipamento, unha difícil trama viaria, ou un cativo sentido de comunidade veciñal.

Deste xeito, co fin de dar resposta a este complexo clima de convivencia escolar, é polo que un grupo de docentes do IES tentou formarse nas ferramentas de resolución pacífica de conflitos. E mesmo, na difícil tarefa de aprender a convivir, definindo un estilo de convivencia.

A primeira proposta formativa foi a constitución no curso 2000-01do Grupo de Traballo, “Petelar”, proxecto de formación do profesorado en Centros (CEFORE de A Coruña).

Nos seguintes cursos académicos organizouse o programa “Vivimos Convivindo. Un programa de educación para a Convivencia”, con outros centros educativos do Concello de Cambre (IES “David Buján, e algún Colexios de Primaria), e a ANPA do centro, no cal desenvolvéronse diversas charlas e mesas redondas.

Foi no curso 2005-06 cando se constituíu o Grupo de Traballo “Convivencia e Mediación”, coordinado polo Departamento de Orientación, dentro dos programas de formación do CEFORE de A Coruña. Temos que salientar ademais que, nese curso, realizouse a primeira enquisa de convivencia dirixida ao alumnado do Centro, e que logo foi repetida no 2010. Pero moi especialmente, temos que destacar un feito de gran trascendencia, pois un grupo de profesores/-as realizaron unha visita ao IES “Ramiro II” de A Robla (León), co fin de coñecer “in situ” o funcionamento da mediación escolar; feito que, sen dúbida, acadou gran relevancia. Pois no seguinte curso, elaboráronse os primeiros materiais sobre mediación escolar, e desenvolveuse o “I Curso de Mediadores Escolares”, formándose ao seu remate o primeiro Equipo de Mediación do IES “Afonso X O Sabio”. Destacar, nesta tarefa, a participación activa do Departamento de Orientación, e do alumnado e profesorado voluntario, así como un entusiasta grupo de pais e nais. Este primeiro equipo de mediadores se mantivo nos seguintes cursos, sendo tutelado por dito Departamento. Debemos recalcar que os materiais elaborados permitiron desenvolver as tarefas de formación dos mediadores/as escolares, e que continúa traballándose no IES en sesións conxuntas, para profesorado, alumnado, familias e persoal non docente, con carácter voluntario, ao longo de 3-4 sesións. Ademais, fixéronse campañas de sensibilización de mediación escolar, contando nesta tarefa, coa inestimable colaboración do Departamento de Educación Plástica.

Xa no curso 2010-11 formouse, dentro da CCP, unha comisión de convivencia, xunto o Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos, que elaborou un primeiro borrador do plan de convivencia do Centro.

E no seguinte curso académico, constitúese un novo Grupo de Traballo “*Mediación e Convivencia*”, que encargouse da análise da convivencia a partir de Enquisas de Convivencia realizadas en Maio de 2010 e dos Partes de Incidencia do curso anterior. A idea era incluír no Plan de Convivencia unha diagnose sobre a convivencia escolar, e tamén elaborar o protocolo da Aula de Convivencia.

En calquer caso, temos que salientar que o Plan de Convivencia do IES foi presentado e aprobado en Claustro e Consello Escolar a principios do curso 2012-13.

Mentres que, no derradeiro curso, dentro do Plan de Formación en Centros, no IES “Afonso X O Sabio” puxéronse en marcha, dentro do itinerario de Convivencia, dous Grupos de Traballo: un encargouse de elaborar unha diagnose da convivencia a partir das Enquisas de Convivencia realizadas en Maio de 2012, e outro tratou da revisión de protocolos do Plan de Convivencia.

A actual aposta de mellora da convivencia no IES recolle como boas prácticas levadas a cabo, dentro do actual Plan de Convivencia, as seguintes:

Comisión de Convivencia, Normas de aula (está incluída no Plan de Acción tutorial), Partes de incidencia, Aula de Reflexión, Tutores de Reflexión, Alumnado Mediador, Alumnado Axudante, Enquisas de Convivencia.

Certamente o esforzo e as enerxías postas neste empeño, respecto de mellora da convivencia no IES, foron sen dúbida moi importantes. En xeral, podemos valorar como altamente satisfactorios os resultados acadados, dende os inicios da vida académica do IES a hoxe, e moi especialmente tras a implantación das boas prácticas, que recolleamos nos seguintes aspectos.

En primeiro lugar, sinalar que o Equipo de Mediación do IES fora seleccionado, no curso 2009/10, pola Consellería de Educación para participar como ponente nunha comunicación no “*Congreso sobre Convivencia Escolar y Participación del Entorno Educativo*” de ámbito estatal, celebrado en Palma de Mallorca en Outubro de 2010. Tamén, o Centro de Formación e Recursos de A Coruña, ven recabando a colaboración do noso IES nas tarefas formativas, co fin de explicar o proxecto e modelo de convivencia, noutros centros educativos do entorno.

En segundo lugar, as devanditas Enquisas de Convivencia permiten apreciar unha notable melloría. Así, se temos en conta a derradeira Enquisa realizada en Maio de 2013, podemos sinalar que a convivencia é valorada cun 7, nunha escala de 0 a 10, aínda que con certas diferencias entre o alumnado (6,6), as familias (6,8), e o profesorado (7,7).

En terceiro lugar, se nos fixamos nos Partes de Incidencia podemos concluir que pese ao elevado número, non só podemos salienta un apreciable descenso respecto do derradeiro curso, senón tamén, dende un punto de vista cualitativo, a súa tipificación, pois fronte ao predominio anterior das agresións (físicas ou verbais) actualmente salienta o feito de “*non traer material*” ou “*non realizar as tarefas*” (reiteradamente).

2.2 - DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INCORPORAN AS BOAS PRÁCTICAS.

Como anteriormente apuntamos, moitas das boas prácticas de mellora da convivencia, figuran no Plan de Convivencia do IES e as normas de aula no PAT.

O Plan de Convivencia, aprobado en Outubro de 2012, consta de 8 protocolos de actuación: absentismo, acoso (escolar e homofóbico), disrupcións, mediación escolar, expedientes disciplinarios, aula de convivencia, alumnado axudante e detección de violencia no seo das familias.

Este, como documento aberto e suxeito a novas suxerencias e aportacións, o entendemos como flexible e actualizable.

3 - ACTUACIÓNS DAS PRÁCTICAS DESENVOLVIDAS.

3.1. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A reunión de convivencia apareceu no Centro no curso 2009-10 como reunión da Dirección, Xefatura de Estudos e Orientadora. Posteriormente fóronse sumando o

dinamizador de convivencia e, máis tarde, o Titor de Convivencia despois da creación da devandita figura.

A creación deste órgano xurdiu da necesidade de afrontar, valorar e unificar criterios cos que resolver os comportamentos considerados como disruptivos. A partires deste momento comezamos coa elaboración dun protocolo de disrupcións que tivo e segue a ter como peza clave o parte de incidencias.

A comisión de convivencia no curso 2012-13 estivo constituída polos seguintes membros: O Director, a Xefa de Estudos, o Orientador, o Dinamizador da Convivencia e a Titora de Convivencia que se reuniron semanalmente os venres de 10:30 e as 11:20 horas e que figuraba no horario xeral do centro. Esta reunión tivo por finalidade tomar decisións referidas á Convivencia, tales como:

- Revisión dos feitos acontecidos ao longo da semana (partes de incidencia).
- Intervención do equipo de mediación.
- Comunicación coas familias.
- Cambio dalgunha corrección, incluíndo sancións que supoñan a realización de traballos para a comunidade educativa.
- Perda do dereito de asistencia ao Centro de un a tres días.
- Apertura de expedientes disciplinarios.

Por último, e non menos importante, a comisión é a encargada de revisar e deseñar o proceso de avaliación e reelaboración, a través das conclusións obtidas, de novas melloras para introducir no plan de Convivencia.

De feito no curso 2012-13, esta comisión encargouse da elaboración dos protocolos e documentos para a creación e funcionamento da Aula de Reflexión, o que supuxo a aparición dunha nova, e para nós relevante figura que chamamos Titor de Reflexión.

E, con respecto ao alumnado, decidiuse traballar cun novo perfil, o de alumnado axudante, tendo que elaborar para elo un protocolo de actuación específico.

3.2. NORMAS DE AULA

Para conseguir que exista disciplina, obxectivo sempre reivindicable, necesitamos que as normas sexan sentidas como un proceso onde estea concernido o alumnado, e non como algo simplemente imposto. Será preciso pois ter un proceso de reflexión e elaboración dun documento para o funcionamento interno do grupo clase que nos sirva para relacionarnos mellor dentro del, para coñecer o resto da normativa do centro (paso imprescindible para a elaboración da propia) e tamén para interiorizar que o incumprimento das normas non atenta (soamente) contra o benestar do centro ou do profesorado, senón que provoca fundamentalmente un deterioro do grupo no que conviven. Polo tanto con este traballo aspiramos a cumprir os seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS:

- Coñecer e valorar as normas de funcionamento do centro.
- Conseguir independencia de criterio respectando aos demais.
- Estimular a posta en práctica da liberdade responsable.
- Acadar unha pequena normativa de aula, para resolver os conflitos dentro dela.
- Coñecer ao grupo: a súa forma de relación, os liderados existentes e as súas dinámicas.

Esta proposta, incluída no plan de convivencia, será trasladada ao profesorado titor, xuntamente cunha proposta concreta de traballo para proceder a elaborar estas normas e posteriormente facelas públicas na aula.

3.3. PARTES DE INCIDENCIA

O parte de incidencias, un dos puntos salientables do noso traballo, é un documento que apareceu no curso 2009-10, a partires da necesidade prantexada dende a Xefatura de Estudos de poder contar cun rexistro que facilite a tipificación das faltas, así como das sancións correspondentes.

Co traslado desta información a unha folla de cálculo favorécese a cuantificación e análise dos diferentes problemas da convivencia do Centro.

O noso “parte de incidencias” consta de tres follas en papel copiativo de distintas cores: unha para Xefatura de Estudos, outra para o/a Titor/a e a terceira para o/a profesor/a que cubre o modelo, facilita o acceso inmediato a información das tres figuras implicadas neste proceso.

A folla de Cálculo que se elabora con estes documentos, facilita que a transmisión (semanal) de información entre todo o Claustro sexa áxil, temporalizada e completa xa que consta dos seguintes apartados:

- Data.
- Alumno/a - Grupo.
- Profesor/a.
- Sanción.

No curso 2012-13, e a partires dos traballos realizados nun grupo de traballo, dentro do Plan de Formación do Centro, en colaboración co CEFORE, decídese a conveniencia de reformar o parte de incidencias existente a ese momento, para facilitar unha mellor comprensión da tipificación das sancións. Aparece, deste xeito, un novo parte de incidencias que se presentou a Claustro do curso 2013-14 e co que se comezou a traballar dende ese momento.

3.4. AULA DE REFLEXIÓN

No Plan de convivencia do centro dise o seguinte: ” *A Aula de Convivencia entendida esta baixo dúas realidades diferentes: como aula de traballo e como aula de reflexión, ambas con finalidades e horarios distintos. Deste xeito, como aula de traballo estaría atendida polo profesorado de garda e se desenvolvería dentro do horario lectivo. Mentres que, como aula de reflexión , sería profesorado voluntario, con formación específica, a que a atendería, nalgúns recreos. O alumnado antes de acudir a devandita Aula de Convivencia, deberá comparecer primeiramente en Xefatura de Estudos, onde se lle derivará, cara a aula de reflexión, sempre que manifeste expectativas ou intencións de cambio do seu comportamento*”. Polo tanto temos aprobado que a aula de reflexión é unha alternativa á aula de convivencia para aqueles nos que apreciamos expectativas e intencións de cambio de comportamento, de forma experimental no curso 2012-13 funcionará coas seguintes condicións:

- O profesorado encargado será voluntario. Este profesorado así como os membros da Comisión de Convivencia farán unhas sesións de formación previas ao inicio de funcionamento da aula.
- O profesorado titor reflexionará e anotará co alumnado seguindo as pautas do documento modelo de entrevista.
- Decidirase qué caso, sempre por derivación desta Comisión, será abordado nos recreos do día concreto, procurando a idoneidade das persoas. Procurarase que ata o punto 6 do Anexo se faga no primeiro dos recreos.
- Será nos recreos e no espazo específico habilitado ao efecto.
- O alumnado so poderá ser derivado a esta aula pola Comisión de Convivencia e, se non fose posible, pola Xefatura de Estudos ou a propia dirección.
- Para comezar a reflexión, o titor deberá de recibir a documentación do caso que, cando menos, consistirá en:
 - Parte de referencia, no seu caso.
 - Síntese dos partes do curso.
 - Motivación da comisión de convivencia para a derivación.
 - Informe do Departamento de Orientación, se é o caso.
 - Será avisado pola persoa titora, que completará o informe e entregarao ao profesorado titor de reflexión.
- A comisión decidirá o alumnado susceptible de ser derivado e o/a titor/a que se lle asigna. O criterio será a verosimilitude de que o alumnado se poda comprometer a cambiar.
- Para a reflexión utilizarase como referencia ou o último parte ou un significativo do seu comportamento.
- A estratexia de cumprimento e seguimento dos compromisos das sesións de reflexión será responsabilidade do titor correspondente. Este titor de convivencia poderá propoñer a suspensión das sancións que non sexan reparadoras nin firmes. A documentación será trasladada á comisión de convivencia. O material que se produza das actuacións con cada alumno será arquivado e custodiado polo Departamento de Orientación.

- Despois de acadado un compromiso concreto (non xenérico) na aula de reflexión o titor de convivencia poderá propoñer a suspensión das sancións que non sexan reparadoras
- Só se atenderá como norma xeral a un alumno en cada momento.
- As sesións dos recreos sinaladas para os membros da comisión serán:

| | | | | |
|--------------|---------------|----------------|-----------|------------------|
| Laura Molina | Manuel Santos | José M. Míguez | Anxo Díaz | Jesús Castiñeira |
| Mércores | Xoves | Venres | Luns | Martes |

3.5 ALUMNADO MEDIADOR

Esta boa práctica púxose en marcha no IES no curso 2005-06 e, dende entón mantívose ata a o actual curso académico. Foi pois, a primeira das boas prácticas implantadas no IES. No actual curso académico o número de alumnado mediador é de 17; é preciso considerar as baixas do alumnado que xa rematou os estudos no derradeiro curso.

Pese o tempo transcurrido, dado que a maior parte dos conflitos xorden entre o alumnado, non é de extrañar que, a mediación entre iguais, sexa un dos máis recurridos. Así, no derradeiro curso académico rexistráronse un total de 12 casos, no que interviron 56 alumno/as. Convén subliñar que en cada caso, ademáis das persoas en conflito se designan 2 mediadores, así como outro mediador de 1º ano, en calidade de Observador. O proceso realízase nun ou varios recreos, e ao remate asínase o acordo, cun modelo que figura no anexo final.

Unha das primeiras tarefas a desenvolver no primeiro trimestre, consiste na información que o alumnado mediador proporciona ao resto alumnado do centro, percorrendo as distintas aulas do IES. Preferentemente nas horas de titoría explican, en pequenos grupos, o contido da mediación escolar, resoven dúbidas ao respecto, informan sobre qué facer para formar parte do Equipo de mediación e deixan algún trípticos sobre mediación, deseñados por dito Equipo.

Posteriormente, e co fin incorporar definitivamente novo alumnado mediador, se teñen lugar 3-4 sesións formativas, ás que poden asistir conxuntamente alumnado, profesorado, persoal non docente ou as familias que voluntariamente desexen informarse ou formar parte do Equipo de mediadores do IES. Existe un programa das actividades formativas a desenvolver, que se reparte previamente aos asistentes, e que se adxunta ao anexo documental da presente Memoria. O remate destas sesións formativas elíxese un slogan sobre mediación, que servirá logo para elaborar unha pancarta para colocala no hall de entrada do IES, tarefa da que participa alumnado do IES coordinado polo Departamento de Plástica. O material e recursos formativos empregados nas sesións foi elaborado entre o Departamento de Orientación e a Dinamización de Convivencia. Trátase de varias presentacións multimedia (o primeiro dos cales figura tamén no anexo da presente Memoria), así como videos, resolución de casos simulados... No derradeiro curso académico asistiron 6-8 alumno/as, así como 4 máis que xa eran mediadores, e 3

representantes da ANPA do Centro. As devanditas sesións celébranse nas tardes dos mércores, pois ademáis se trata de aproveitar o transporte escolar do programa PROA.

Indudablemente a participación e boa acollida da mediación entre o alumnado permitiu a súa continuidade e a consolidación desta boa práctica. O protocolo de mediación figura no Plan de Convivencia do Centro.

Ademáis, a participación con outros Centros educativos en actividades conxuntas do alumnado mediador, resultou altamente positivo e deu un interesante pulo a esta boa práctica. As xornadas de convivencia celebradas no Albergue de Gandarío (Bergondo), co IES “David Buján” (Cambre) ou IES “Neira Vilas” (Oleiros), así como a asistencia os Encontros de Mediadores escolares celebrados en Fisterra, ou de Convivencia Positiva en Negreira (A Coruña), neste no derradeiro curso académico, así o corroboran.

Ao remate da presente Memoria se adxuntan diversos materiais e recursos empregados na Mediación Escolar no IES.

3.6. ALUMNADO AXUDANTE

Nas nosas aulas existe, cada vez máis, unha crecente diversidade do alumnado: con retraso na aprendizaxe, con risco de abandono, con distinta situación socioeconómica ou cultural, con diferentes necesidades educativas especiais, que prantexan novos retos ao profesorado. Como noutros protocolos, o programa do Alumnado axudante tenta aproveitar as vantaxes de partida que representa o propio alumnado do centro, mediante “estratexias de axuda entre iguais”. Asimesmo, empregáronse técnicas de aprendizaxe cooperativa, actualmente unha eficaz ferramenta de traballo na aula. Coa figura do alumnado axudante trátase de dar, dende o noso Centro, unha resposta positiva máis, dende o punto de vista da Convivencia. Téntase formar un grupo de alumnas/as dentro do IES, os cales sexan capaces de prestar axuda ao resto dos compañeiros/as que se atopan con dificultades: de integración, con algún problema personal, con dificultades de aprendizaxe... Deste xeito, á atención á crecente diversidade do alumnado, á propia xestión de conflitos, á mellora do clima de convivencia na aula, ou á difusión de novos modelos de conducta positiva, constituirán algúns dos retos a acadar.

Con carácter experimental implántase o programa do Alumnado axudante no presente curso académico 2012-13.

Obxectivos do programa do Alumnado axudante:

- Fomentar a colaboración, o coñecemento e a busca de solucións aos problemas interpersonais no ámbito escolar.
- Reducir os casos de acoso escolar entre o alumnado,
- Diminuír a conflictividade e, deste xeito, a aplicación de medidas sancionadoras,
- Favorecer a implicación e participación directa do alumnado na resolución de conflitos,

- Xerar canles de traballo cooperativo, en equipo, de comunicación e de coñecemento mutuo entre o profesorado e o alumnado, que favorezan a mellora da autoestima dos/as participantes no programa,
- Establecer novas estratexias dentro da organización escolar para afrontar os conflitos,
- Incrementar valores cívicos a través da responsabilidade compartida e da mellora do clima afectivo na comunidade escolar,
- Favorecer as actitudes colaborativas do conxunto da Comunidade Educativa, fundamentalmente do profesorado e alumnado.

Funcións do Alumnado axudante:

- ESCOITAR e ANIMAR aos compañeiros con problemas, que se atopen con dificultades,
- ACOMPAÑAR aos compañeiros/as que se atopen illados/as, facilitar a integración especialmente no caso do alumnado de nova incorporación,
- INFORMAR aos compañeiros/as sobre os posibles recursos que poden axudarlles a resolver as dificultades,
- DERIVAR os casos de maior gravidade, cando as circunstancias o aconsellen,
- ESTAR A DISPOSICIÓN de todo compañeiro/a que requira de axuda,
- ACOLLER aos novos integrantes do grupo, sobre todo a aqueles que presenten máis dificultades para relacionarse,
- DETECTAR os posibles conflitos e tentar resolvelos,
- DIFUNDIR a utilidade da figura do Alumnado Axudante,
- ACTUAR como intermediario nos conflitos, e se é posible antes de que aparezan.
- AXUDAR nas tarefas académicas, de maneira directa ou indirecta, a aqueles alumnos/as con dificultades,
- PRESTAR APOIO aos compañeiros e compañeiras que se atopen tristes ou decaídos.

As súas funcións poderán orientarse tanto aos compañeiros de clase, como ás distintas actividades do Centro. Así, un alumno/a axudante pode axudar a outro/a compañeiro/a nas tarefas académicas de clase ou axudalo/a a integrarse nun grupo, ou tamén colaborar nas distintas actividades do Centro.

Cualidades e perfiles do Alumnado axudante:

- Unha persona na que se pode confiar, sabe gardar secretos.
- Un amigo ou unha amiga que sabe escoitar, e que sabe poñerse no lugar dos demais para percibir como se senten (empatía).
- Unha persoa que axuda aos demais dun xeito voluntario.

- Un compañeiro ou compañeira que contribúe a que os conflitos na aula se resolvan de xeito dialogado e pacífico,
- Unha persoa que favorece a integración das persoas no grupo.

Selección do Alumnado Axudante nesta fase experimental:

Todo aquel que habitualmente mostre cualidades e disposición para intervir voluntariamente e resolver, dun xeito pacífico, os conflitos. Cada titor/a informará, a principio de Curso aos alumnos do grupo, sobre o programa do Alumnado Axudante e elaborará unha lista con aqueles/as candidatos/as que desexen voluntariamente participar, que posteriormente se pasará ao Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos, e comunicarse ao resto do profesorado. A selección farase, a proposta do profesorado titor, pola Comisión de Convivencia.

Para elaborar a proposta, o profesorado titor, coa colaboración do Departamento de Orientación, empregará os instrumentos que estime oportunos, como os sociogramas, cuestionarios, a opinión razoada do alumnado con debates ao respecto, etc.

En calquer caso, o alumnado se integrará voluntariamente neste programa e recibirá unha formación específica, a desenvolver a principios de cada curso. A implantación do Alumnado axudante será progresiva, de 1º a 4º da ESO; así, no presente curso académico, iniciarase nos cursos de 1º, e con carácter voluntario nos restantes cursos. A coordinación do mesmo correrá a cargo da Xefatura de Estudos e do Departamento de Orientación, sempre utilizando como referencia a Comisión de Convivencia, e contando coa colaboración do equipo de titores e de profesorado voluntario.

A avaliación do programa realizarase pola Comisión de Convivencia, cos datos que se acheguen das reunións periódicas con este alumnado. Incorporaranse tamén as propostas efectuadas polo resto do profesorado da aula, sobre o funcionamento do programa e o clima de convivencia.

3.7. ENQUISAS DE CONVIVENCIA

Tamén debemos engadir á presente Memoria, como outra boa práctica, a elaboración e a metodoloxía seguida no noso IES para a análise da convivencia a partir das devanditas Enquisas.

É preciso salientar que, dende Maio de 2010, ditas Enquisas de Convivencia se veñen realizando anualmente. De carácter voluntario, se distribúen entre todo o profesorado, alumnado, persoal no docente e familias. No caso concreto do alumnado e das familias, o reparto dos cuestionarios e cumprimentación desenvólvese nas horas de tutoría.

Unha vez recollidas as Enquisas, pasan a profesorado de Ciclos, quenes se encargan do tratamento estadístico e gráfico, utilizando unha folla de cálculo.

A presentación pública dos resultados foi realizada no derradeiro Claustro, Consello Escolar e no Observatorio da Convivencia do curso académico 2012-13. É salientable engadir que un resumo cos datos globais foi incluído no Informe Anual de Convivencia 2013. No anexo final da presente Memoria figura un cadro-resumo cos datos globais correspondente a derradeira Enquisa realizada, a Maio de 2013.

Cabe sinalar tamén, se atendemos ao grado de participación resultou desigual nos diferentes sectores da comunidade educativa na cumprimentación das Enquisas.

En calquer caso, é preciso salientar que as Enquisas proporcionan unha información moi útil para avaliar a convivencia no IES, se ben non é a única ferramenta empregada.

4. RECURSOS MATERIAIS UTILIZADOS

4.a.b. Relación de recursos empregados e metodoloxía da súa utilización.

| ACTUACIÓN 1ª – COMISIÓN DE CONVIVENCIA | | | |
|---|---|-----------|---|
| RECURSOS EMPREGADOS | ANEXO | Nº | METODOLOXÍA |
| ACTA | Acta comisión convivencia – Como exemplo a nº 10 | 1.1 | Reunión de organismo colexiado de periodicidade semanal. |
| COMUNICACIÓN | Comunicación ao profesorado – dunha aula sobre unha problemática específica | 1.2 | Divulgación dos acordos. |
| ACTUACIÓN 2ª – NORMAS DE AULA | | | |
| RECURSOS EMPREGADOS | ANEXO | Nº | METODOLOXÍA |
| DOCUMENTO | Xustificación e Indicacións ás persoas titoras | 2.1 | Indicacións para varias sesións de aula |
| ACTUACIÓN 3ª – PARTES DE INCIDENCIA | | | |
| RECURSOS EMPREGADOS | ANEXO | Nº | METODOLOXÍA |
| FORMULARIO | Parte de Incidencia (modelo 2012-13) | 3.1 | Formulario á disposición do persoal docente para cubrir en caso de incidencia e seguindo o protocolo. |
| MODELO | Parte de derivación ao aula de | 3.2 | Información da xefatura de estudos |

| | | | |
|------------|---|-----|--|
| | convivencia | | ao profesorado de garda na aula de convivencia. |
| FORMULARIO | Tabla do aula de convivencia | 3.3 | Formulario para cubrir o profesorado de garda e ser revisado por xefatura |
| RELACIÓN | Informe de xefatura | 3.4 | Información semanal mediante folla de cálculo da xefatura de estudos para coñecemento e análise do profesorado, titores, de orientación e da comisión de convivencia. Será o titor o responsable da comunicación coas familias. |
| RELACIÓN | Relación de apercibimentos efectuados para o coñecemento do profesorado | 3.5 | Información mensual mediante folla de cálculo das sancións da dirección para coñecemento e análise do profesorado, titores, e da comisión de convivencia. |
| RELACIÓN | Relación de cheques positivos para enviar ao profesorado | 3.6 | Información mensual mediante folla de cálculo dos cheques positivos postos polo profesorado para coñecemento e análise do profesorado, titores, de orientación e da comisión de convivencia. Será o titor o responsable da comunicación coas familias. |
| FORMULARIO | Cheques positivos | 3.7 | Modelo en forma de chequera para cubrir que teñen no seu poder o profesorado. |
| FORMULARIO | Parte de Incidencia (modelo 2013 – 14) | 3.8 | Novo modelo deseñado polo grupo de traballo de convivencia e presentado e aprobado polo observatorio de convivencia e o claustro. |

ACTUACIÓN 4ª – AULA DE REFLEXIÓN

| RECURSOS EMPREGADOS | ANEXO | Nº | METODOLOXÍA |
|----------------------------|--------------------------|-----------|--------------------------------------|
| PROTOCOLO | Protocolo aula reflexión | 4.1 | Pautas a seguir en cada intervención |

| | | | |
|----------|--|-----|--|
| MODELO | Pautas para entrevista Aula de Reflexión. | 4.2 | Indicacións para levar a cabo a entrevista. |
| MODELO | Folla de seguimento para os comportamentos do alumnado na aula ordinaria | 4.3 | Anotacións que debe facer o profesorado da aula ordinaria para comprobar os acordos acadados co alumnado. |
| INFORME | Documento resumo das intervencións con cada alumno. | 4.4 | Dirixido a titor/a, xefatura de estudos e orientación para que teña constancia da actuación. Será o titor o responsable da comunicación coas familias. |
| RELACIÓN | Resumo das actuacións desenvolvidas. | 4.5 | Dirixido aos órganos colexiados para a súa análise e coñecemento. |

ACTUACIÓN 5ª – ALUMNADO MEDIADOR

| RECURSOS EMPREGADOS | ANEXO | Nº | METODOLOXÍA |
|---------------------|---|-----|---|
| PROTOCOLO | Protocolo de Mediación | 5.1 | Pautas a seguir en cada intervención. |
| TRÍPTICO | Divulgación entre o profesorado e alumnado da figura | 5.2 | Envíase despois do primeiro mes ao profesorado titor e ao alumnado para conseguir candidatos. |
| DOCUMENTO | Normas básicas de cada actuación | 5.3 | Para a formación e a divulgación anual entre os mediadores estén formados ou non. |
| PROGRAMA | Relación de actividades. | 5.4 | Actividades que se desenvolven durante o curso para os novos mediadores. |
| PRESENTACIÓN | Documento cos recursos utilizados na formación deste alumnado | 5.5 | Utilizado nas sesións de formación levadas a cabo polo orientador e o responsable de convivencia. |
| PRESENTACIÓN | Documento cos recursos utilizados na formación deste alumnado | 5.6 | Utilizado nas sesións de formación levadas a cabo polo orientador e o responsable de convivencia. |
| PRESENTACIÓN | Documento cos recursos utilizados na formación deste alumnado | 5.7 | Utilizado nas sesións de formación polo orientador e responsable de convivencia. |

| | | | |
|-----------|---|-----|--|
| DOCUMENTO | Pautas para o desenvolvemento dunha mediación | 5.8 | A utilizar polos mediadores/as e observadores/as de cada proceso de mediación. |
| DOCUMENTO | Acordo tipo para finalizar o proceso de mediación | 5.9 | A utilizar polos mediadores/as e de cada proceso de mediación. |

ACTUACIÓN 6ª – ALUMNADO AXUDANTE

| RECURSOS EMPREGADOS | ANEXO | Nº | METODOLOXÍA |
|---------------------|---|-----|---|
| TRÍPTICO | Divulgación entre o profesorado e alumnado da figura | 6.1 | Envíase despois do primeiro mes ao profesorado titor e ao alumnado para conseguir candidatos. |
| PRESENTACIÓN | Documento cos recursos utilizados na formación deste alumnado | 6.2 | Utilizado nas sesións de formación levadas a cabo polo orientador e o responsable de convivencia. |
| DOCUMENTO | Convocatoria reunión do alumnado | 6.3 | Envíase antes de cada reunión ao alumnado concernido. |
| RESUMO | Contidos e conclusións da reunión. | 6.4 | Documento para ter un seguimento dos casos susceptibles de intervención |
| DIPLOMA | Acreditación | 6.5 | Para entregar en acto solemne ao final da formación. |

ACTUACIÓN 7ª – ENQUISAS DE CONVIVENCIA

| RECURSOS EMPREGADOS | ANEXO | Nº | METODOLOXÍA |
|---------------------|----------------------------------|--------|--|
| MODELO | Enquisa entregada ao alumnado | 7.1 .A | Enquisa entregada polos titores para ser cumprimentada polo alumnado voluntariamente |
| MODELO | Enquisa entregada ás familias | 7.1 .B | Enquisa entregada polos titores aos alumnos para ser cumprimentadas polas familias voluntariamente |
| MODELO | Enquisa entregada ao profesorado | 7.1 .C | Enquisa entregada ao profesorado para ser cumprimentada polo mesmo voluntariamente |
| RESUMO | Elaboración dun resumo dos | 7.2 | Diagnóstico da convivencia |

| | | | |
|--------|--|-----------|---|
| | resultados obtidos nas enquisas no curso 2011 | .A | elaborado a partir do resultado das enquisas no 2011 |
| RESUMO | Elaboración dun resumo dos resultados obtidos nas enquisas no curso 2013 | 7.2 .B | Diagnóstico da convivencia elaborado a partir do resultado das enquisas no 2013 |

5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

Para avaliar e sentar as bases da mellora continuada no ámbito da convivencia establecemos unha serie de indicadores que nos serviran de guía e contraste do traballo desenvolvido. Para obter unha información fiable e contrastada utilizamos as evidencias e datos que nos proporcionan os diferentes documentos xerados nas diferentes actividades: actas dos órganos ou comisións, os documentos mesmos, resumos de incidencias ou mesmo unha enquisa que se pasa sistematicamente de xeito anual. A estes lles denominaremos instrumentos. Para poder valorar as diferentes actuacións nos marcamos uns obxectivos para o curso e contrastámolos cos resultados obtidos, a veces o obxectivo consiste simplemente na elaboración de documentos ou protocolos (pódense consultar nos anexos), outras veces fixamos metas cuantificables e mesmo nalgunha ocasión, na que non é razoable fixarse metas, sinxelamente constatamos os datos para en anos posteriores analizar a súa evolución e sacar conclusións. Finalmente fixamos obxectivos para a mellora no próximo curso, naqueles aspectos nos que é posible e razoable facelo. Esta forma de avaliar o traballo desenvolvido trasladámola a unha táboa que pormenoriza cada actuación analizando os indicadores, sendo o resultado o seguinte:

| ACTUACIÓN 1ª COMISIÓN DE CONVIVENCIA | | | | |
|---|----------------------------------|--------------------------------|-----------------------------------|--------------------------------|
| INDICADORES | INSTRUMENTOS | OBXECTIVO | RESULTADOS | OBXECTIVOS |
| Nº de reunións | Actas da comisión de convivencia | Semanal (28 posibles) | 18/28= 64% | 70% |
| Asistencia ás reunións da comisión | Actas da comisión de convivencia | 90% | 88 asistencias/90 posibles= 97,8% | 90% |
| Nº de casos estudados | Actas da comisión de convivencia | Non procede obxectivo concreto | 20 | Non procede obxectivo concreto |
| Nº de casos con acordos | Actas da comisión de convivencia | Non procede obxectivo concreto | 16 80% dos casos estudados | Non procede obxectivo concreto |

| Nº de casos resoltos coa medida tomada pola comisión | Actas da comisión de convivencia | Non procede obxectivo concreto | 5 | Non procede obxectivo concreto |
|---|----------------------------------|--------------------------------|-------------------|------------------------------------|
| ACTUACIÓN 2ª NORMAS DE AULA | | | | |
| INDICADORES | INSTRUMENTOS | OBXECTIVO | RESULTADOS | OBXECTIVOS |
| Elaboración dunha proposta tipo para aplicar na aula | Existencia do documento | Elaboración neste curso | Feito | Non procede |
| Nº de aulas que as fixeron | Comunicación dos titoras | 11 das 22 titorías | 4 (30%) | 11 |
| Implicación do alumnado | Enquisa ás persoas titoras | Elaboración neste curso | Non | Elaboración no próximo curso |
| Táboa pública coas normas | Revisión dos taboleiros | 11 das 22 titorías | 2 (15%) | 11 |
| ACTUACIÓN 3ª PARTES DE INCIDENCIA | | | | |
| INDICADORES | INSTRUMENTOS | OBXECTIVO | RESULTADOS | OBXECTIVOS |
| Coñecemento periódico do profesorado das incidencias | Resumo semanal das mesmas | Semanal (30) | 27 (90%) | 90% |
| Incidencias reflectidas sistematicament e nos partes | Novo campo na folla de cálculo | Elaboración neste curso | Non | Elaboración no próximo curso e 80% |
| Partes ben cubertos e trasladados segundo o protocolo | Novo campo na folla de cálculo | Elaboración neste curso | Non | Elaboración no próximo curso e 50% |
| Revisión do modelo de parte de incidencias | Documento revisado | Elaboración neste curso | Feito e aprobado | Non procede |

ACTUACIÓN 4ª AULA DE REFLEXIÓN

| INDICADORES | INSTRUMENTOS | OBXECTIVO | RESULTADOS | OBXECTIVOS |
|--|----------------------------------|------------------------------|------------------|------------|
| Elaboración do Protocolo | Existencia do documento | Elaboración neste curso | Feito e aprobado | Revisión |
| Elaboración e aprobación dos documentos de funcionamento | Existencia do documento | Elaboración neste curso | Feito e aprobado | Revisión |
| Nº de profesorado voluntario para funcionamento da aula | Actas da comisión de convivencia | 5 profesores/as | 5 (100%) | 10 |
| Nº de sesións da aula | Actas da comisión de convivencia | Sen fixar obxectivo concreto | 30 | 50 |
| Nº de alumnado atendidos | Actas da comisión de convivencia | Sen fixar obxectivo | 13 | 15 |
| Nº contratos asinados | Actas da comisión de convivencia | Sen fixar obxectivo | 5 | 8 |
| Nº casos pechados favorablemente | Actas da comisión de convivencia | Sen fixar obxectivo concreto | 4 | 7 |

ACTUACIÓN 5ª MEDIACIÓN

| INDICADORES | INSTRUMENTOS | OBXECTIVO | RESULTADOS | OBXECTIVOS |
|--|---------------------|-----------|---------------------|------------|
| Cumprimento do protocolo | Relato do conflito | 80% | 60% | 80% |
| Nº alumnos/as participantes na formación | Actas de asistencia | 22 | 14 (64%) 3 nais | 24 |
| Nº mediacións propostas e realizadas | Actas de seguimento | 100% | 11/12 (92%) | 100% |
| Nº acordos de | Documentos | 100% | 10/11 (91%) | 100% |

| cumpridos | acordos | | | |
|---|----------------------------------|------------------------------|-------------------|-------------------|
| ACTUACIÓN 6ª ALUMNADO AXUDANTE | | | | |
| INDICADORES | INSTRUMENTOS | OBXECTIVO | RESULTADOS | OBXECTIVOS |
| Elaboración do Protocolo | Existencia do documento | Elaboración neste curso | Feito e aprobado | Revisión |
| Elaboración do material de formación específico | Existencia do documento | Elaboración neste curso | Feito | Revisión |
| Nº de alumnos/as propostos nas titorías | Actas da comisión de convivencia | Sen fixar obxectivo concreto | 24 | 24 |
| Nº de alumnos/as participantes na formación | Actas da comisión de convivencia | Sen fixar obxectivo concreto | 12 2 nais | 20 |
| Nº final de alumnos/as | Actas das reunións específicas | Sen fixar obxectivo | 8 | 16 |
| Nº de reunións con este alumnado | Actas das reunións específicas | 1 mensual dende febreiro= 5 | 5 (100%) | 5 |
| Nº de casos analizados con indicacións de comportamento | Actas das reunións específicas | Sen fixar obxectivo concreto | 13 | 20 |
| Participación na xornada de transición | Memoria da xornada | 10 | 8 | 14 |
| ACTUACIÓN 7ª ENQUISA ANUAL DE CONVIVENCIA | | | | |
| INDICADORES | INSTRUMENTOS | OBXECTIVO | RESULTADOS | OBXECTIVOS |
| % de enquisas respondidas polo alumnado | Formulario enquisa alumnado | 60% | 40% | 60% |

| | | | | |
|--|--------------------------------|-----|-----|-----|
| % de enquisas respondidas polas familias | Formulario enquisa familias | 30% | 20% | 35% |
| % de enquisas respondidas polo profesorado | Formulario enquisa profesorado | 48% | 50% | 60% |
| Sobre a evolución dos datos de convivencia do centro reflectidos polas enquisas, e a súa evolución, deberá consultarse os Anexos 7.2A e 7.2B | | | | |

6. PROPOSTAS DE CONTINUIDADE E/OU MELLORA

As propostas de continuidade e mellora a maioría xa están en marcha no curso actual 2013/2014; e todas están descritas en cada unha das iniciativas. Co obxectivo de pormenorizalas e concretalas estas propostas aparecen descritas no apartado de obxectivos 13-14 dentro da táboa do punto 5: Instrumentos de Avaliación e Indicadores de logro.

NOTA

Os nomes das persoas que aparecen neste traballo non poden ser suprimidos para non perder credibilidade e verificabilidade. Estarán suxeitos ás normas de confidencialidade dos funcionarios públicos que o van valorar.

7. BIBLIOGRAFÍA:

- García Barreiro, J; Giménez Fernández, O; et. alt: *“Mediación en la práctica. Manual de implantación de un servicio de mediación escolar”*. Ed. Copicentro.
- Segura, M; Gil, M^a Mar; et. alt: *“El Aula de convivencia. Materiales educativos para su buen funcionamiento”* Ed. Narcea. Madrid. 2011. ISBN: 978-84-277-1804-3.
- *“MANUAL DO PROFESORADO QUE ATENDE A AULA DE REFLEXIÓN E DE TRABALLO”* do IES “Fin do Camiño” (Fisterra-A Coruña).
- R. Jares, X: *“Aprender a convivir”*. Edicións Xerais. Vigo 2001.
- Torrego, J.C e Moreno, J. M: *“Convivencia y disciplina en la escuela”*. Alianza Editorial. Madrid 2008.
- Vaello Orts, J: *“Resolución de conflictos en el aula”*. Ed. Santillana. Madrid 2003.
- Cowley, S.: *“Rebelión en el aula. Claves para manejar a los alumnos conflictivos”*. Editorail Desclée de Broower. 2010.
- Torrego, J.C: *“La ayuda entre iguales para mejorar la convivencia escolar. Manual para la formación de alumnos ayudantes”*. Ed. Narcea. Madrid 2013.